

NOTA DE PRENSA

Ademais de descontos e ofertas pola Tarxeta Benvida

Grupo Cuevas entregará 100 mil litros de auga a familias con bebés ata que fagan un ano

- **En 2018 e 2019 duplicaranse as cantidades doadas en 2017**

Centos de familias galegas con bebés accederon durante 2017 aos beneficios ofrecidos polo Grupo Cuevas nos seus supermercados, durante todo o primeiro ano de vida do neno. Cada un dos beneficiarios recibe durante este período auga gratis, descontos do 3% en todas as compras e promocións e atencións especiais. A iniciativa complementa as axudas promovidas pola Xunta a través da Tarxeta Benvida para fomentar a natalidade, que destina 1.200 euros anuais a cada familia con bebés, para a compra de produtos infantís nas tendas ou supermercados que colaboran co programa.

O director xeral do Grupo Cuevas, Artur Yuste, valorou o primeiro ano de aplicación das axudas a familias con bebés como “unha excelente oportunidade para ser útiles”, “porque facerlle a vida un pouco máis agradable a quen temos perto é a esencia do espírito Cuevas”. Así mesmo, subliñou que o acordo suscrito coa Consellaría de Política Social en marzo de 2017 “permítenos pór en práctica os nosos valores e o noso compromiso coas persoas e co territorio, e neste caso, o noso apoio á natalidade, especialmente”.

Tras pechar o balance de 2017, e tendo en conta que o primeiro ano de vida dos bebés non se circunscribe ao ano natural, senón que o máis común é que abarque períodos de dous anos distintos, os primeiros datos dispoñibles si indican que na campaña participan familias das catro provincias galegas, onde o Grupo Cuevas ten presenza coas súas tendas de alimentación, aínda ben que a gran maioría residen en Ourense e en Pontevedra. Igualmente, obsérvase que as inscricións foron crescendo de forma moi significativa desde a posta en marcha da iniciativa, e as previsións para 2018 e 2019 elevan as estimacións de entrega gratuíta de auga moi por enriba dos cen mil litros.

Os packs de auga entréganse quincenalmente nas tendas do grupo ourensán, o primeiro deles personalizado co nome do bebé.

Respecto aos descontos do 3%, aplícanse en todas as compras de produtos que efectúan as familias presentando a Tarxeta Benvida que ofrece a Xunta e durante o primeiro ano de vida dos bebés.

Durante 2017 eran en toda Galicia 14.300 as familias posuidoras da Tarxeta Benvida que dá lugar a estas prestacións. As previsións eran chegar ás 15 mil, tendo en conta que os pais teñen dous meses desde o momento de rexistrarse o nacemento para solicitar a axuda.

Comunicación e consultas: Marta Cid, 988.211.013, comunicacion@grupocuevas.com